

REUNIÓN DA COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Día: 13.07.2018 Hora: 10:30

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 13 de xullo de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 26370 (10/POC-004308)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para potenciar o cultivo de mexillón reforzando a súa trazabilidade e favorecendo a innovación no sector, de xeito que lle permita un óptimo aproveitamento dos fondos FEMP
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 268, do 28.02.2018
- 1.2 31561 (10/POC-004970)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa solidez, lexitimidade e pertinencia da lexislación vixente en materia de formación náutico-pesqueira e a proposta dun grupo de armadores de crear titulacións paralelas, o mantemento de contactos co Goberno central ao respecto e as súas previsións referidas á presentación dalgunha proposta para a regulación da figura do alumno ou alumna en prácticas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 316, do 06.06.2018
- 1.3 32213 (10/POC-005065)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e 2 máis
Sobre a opinión da Consellería do Mar en relación coa necesidade de frear e cuestionar os proxectos de megaminaría diante da contaminación e afectación ambiental que están a producir, así como as actuacións previstas para defender os intereses do sector galego da pesca e marisqueo diante da explotación dunha mina nos concellos de Touro e do Pino
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 323, do 20.06.2018

Punto 2. Propositions non de lei

- 2.1 21533 (10/PNC-001764)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio
Sobre a elaboración e remisión polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia dun plan de actuacións e medidas concretas destinadas a afrontar as dificultades que presenta o sector pesqueiro para propiciar o seu relevo xeracional
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 229, do 19.12.2017

- 2.2 22248 (10/PNC-001807)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para garantir a igualdade nas prestacións entre o persoal que desenvolve as súas funcións no Servizo de Gardacostas, tanto estatutario coma externalizado
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 241, do 17.01.2018
- 2.3 29452 (10/PNC-002343)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Salorio Porral, María Soraya e 6 máis
Sobre o impulso pola Xunta de Galicia dos cambios normativos necesarios para adaptar a limitación de potencia dos motores das embarcacións de recursos específicos ás necesidades da frota
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 296, do 25.04.2018
- 2.4 30710 (10/PNC-002468)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa defensa dos dereitos dos mariñeiros galegos que traballaron en buques de Noruega a percibir dese estado as súas pensións de xubilación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 305, do 16.05.2018
- 2.5 32315 (10/PNC-002633)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores
Sobre a apertura polo Goberno Galego, a través de Portos de Galicia, dun período de negociación co Concello do Grove para a desafeción e pase á titularidade municipal dos terreos portuarios que non se están a utilizar para a actividade relacionada directamente co porto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 323, do 20.06.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2018

Marta Rodríguez Arias

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Secretaria

Julia Torregrosa Sañudo

EM

Vogais

Teresa Egerique Mosquera

P

Martín Fernández Prado

P

María Ángeles García Míguez

P

María Montserrat Prado Cores

BNG

Paula Quinteiro Araújo

EM

María Soraya Salorio Porral

P

María Dolores Toja Suárez

S

Julio Torrado Quintela

S

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 13.07.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 13.07.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 26370(10/POC-004308)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para potenciar o cultivo de mexillón reforzando a súa trazabilidade e favorecendo a innovación no sector, de xeito que lle permita un óptimo aproveitamento dos fondos FEMP

Publicación da iniciativa, 268, 28.02.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2018 13:55
Nº Rexistro: 26370
Data envío: 16/02/2018 13:55:30.674

A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Carlos López Crespo, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O Mexillón de Galicia (*Mytilus galloprovincialis*) é un molusco bivalvo que presenta unha característica forma lonxitudinal de machada, en punta e grosa no extremo anterior, e longa moi afiada no posterior. A súa cuncha está formada por dúas valvas iguais de carbonato cálcico, cubertas externamente por unha capa de cor negro azulado, onde se poden observar unhas liñas concéntricas denominadas estrías de crecemento.

A vinculación de Galicia co mexillón é un feito do que se teñen noticias dende as primeiras poboacións celtas e romanos, tamén no século XVIII, cando partían dende as rías galegas con destino á corte dos Austrias pequenos barrís de ostras e mexillóns, somerxidos en “escabeche real”. Pero foi en 1945 cando se fondea a primeira batea, comezando así o cultivo do mexillón, e que se ten convertido ademais na nosa acuicultura máis importante, porque cando dicimos acuicultura, estámonos a referir a que na actualidade, o sector do mexillón, dentro do eido da acuicultura galega, configura un conglomerado de empresas produtoras, transformadoras e comercializadoras que aportan un total de 400 millóns de euros, xerando máis de 10.000 postos de traballo no litoral galego.

En febreiro deste ano, a secretaria xeral de Pesca participaba en Bruxelas nun foro sobre acuicultura na Unión Europea, onde compartiu experiencias con representantes doutras administración dos distintos Estados Membros xunto a científicos e investigadores, no que abordaron exemplos de boas prácticas no eido da acuicultura, e tamén as necesidades e retos da actividade na UE.

Galicia aportou o seu saber no ámbito do mexillón, destacando o seu potencial.

Por todo o anterior, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2018 13:55
Nº Rexistro: 26370
Data envío: 16/02/2018 13:55:30.674**

Que medidas ten tomado a Xunta de Galicia para potenciar o cultivo de mexillón reforzando a súa trazabilidade e favorecendo a innovación neste sector que lle permita un óptimo aproveitamento dos fondos FEMP?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 16/02/2018 13:40:56

Carlos Enrique López Crespo na data 16/02/2018 13:41:07

María Ángeles García Míguez na data 16/02/2018 13:41:14

Alberto Pazos Couñago na data 16/02/2018 13:41:19

Marta Rodríguez Arias na data 16/02/2018 13:41:27

María Soraya Salorio Porral na data 16/02/2018 13:41:34

Daniel Vega Pérez na data 16/02/2018 13:41:40

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 13.07.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 31561(10/POC-004970)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa solidez, lexitimidade e pertinencia da lexislación vixente en materia de formación náutico-pesqueira e a proposta dun grupo de armadores de crear titulacións paralelas, o mantemento de contactos co Goberno central ao respecto e as súas previsións referidas á presentación dalgunha proposta para a regulación da figura do alumno ou alumna en prácticas

Publicación da iniciativa, 316, 06.06.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga, Paula Quinteiro Araújo e Julia Torregrosa Sañudo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 8.^a**

A actual lexislación referente á formación náutica-pesqueira naceu dun amplo consenso do cal foron partícipes todos os axentes interesados no sector pesqueiro. O actual modelo formativo ten como obxectivo, entre outras cousas, garantir a seguridade e o benestar no posto de traballo dos nosos mariñeiros e mariñeiras ou mellorar o seu desenvolvemento en situacións de alto risco.

A día de hoxe, un grupo de armadores están a promover ante o Goberno Central un modelo formativo paralelo ó regulado pola Administración, baleirado de contido e cunha duración considerablemente menor. O obxectivo deste modelo non é outro que obter un persoal mariñeiro máis precario e, polo tanto, peor pagado, aínda que isto supuxese un potencial aumento da sinistralidade e dos accidentes laborais nas embarcacións.

O recoñecemento destas titulacións como suficientes para permitir a embarcación de novos mariñeiros sería neste sentido non só un ataque ós valores e principios que deben rexer a formación no mundo laboral, como son o da busca de seguridade e benestar no posto de traballo, ou un ataque a todos aqueles mariñeiros e mariñeiras xa titulados, que ven así perigar os seus postos de traballo ante a posibilidade da entrada de traballadores menos remunerados. Trataríase tamén dun ataque frontal á seguridade das nosas embarcacións e do



persoal embarcado, pois esta nova man de obra non estaría preparada para actuar ante circunstancias de alto risco.

É importante non seguir permitindo ataques contra os nosos profesionais e non contribuír a precarizar aínda máis os seus postos de traballo. Pola contra, cómpre que a Administración escoite as demandas dos traballadores e das traballadoras do mar, entre os que existe un amplo consenso sobre a necesidade de continuar perfeccionando a regulación sempre dende as bases da negociación e do acordo, e co obxectivo de aumentar e nunca de reducir a seguridade e o benestar laboral nas embarcacións. Entre outras iniciativas, ten especial interese a regulación que as asociacións de técnicos mariñeiros reivindicán arredor da figura do alumno ou alumna en prácticas, promovendo a integración mediante incentivos deste tipo de figura nas embarcacións e facilitando tanto a súa formación como a súa seguridade ou a súa remuneración mentres se atopan embarcados.

Por todo isto, as deputadas que asinan formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8.^a:

- 1.- Está de acordo a Xunta en considerar a actual lexislación en materia formativa náutico-pesqueira como sólida, lexítima e pertinente?
- 2.- Que opinión lle merece á Xunta a creación de novos tipos de formación paralela que, sen contar con todas as garantías que ofrece en materia de seguridade e prevención de riscos o actual modelo formativo, habilite ó titulado a embarcar de todos os xeitos?
- 3.- Está en contacto a Xunta de Galicia co Goberno Central para aclarar e consensuar a resposta ás presións deste grupo de armadores?
- 4.- Ten pensado o Goberno galego algunha proposta para a regulación da figura do alumno ou alumna en prácticas?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2018 13:54
Nº Rexistro: 31561
Data envío: 29/05/2018 13:54:24.994



5.- Considera o Goberno galego que a seguridade laboral dos e das nosas traballadoras do mar unha preocupación de primeira orde?

6.- Se é así, que opinión ten de modificar a regulación ou permitir novos modelos regulativos menos esixentes neste aspecto?

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Paula Quinteiro Araújo

Julia Torregrosa Sañudo

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 29/05/2018 13:53:19

Paula Quinteiro Araújo na data 29/05/2018 13:53:30

Julia Torregrosa Sañudo na data 29/05/2018 13:53:36

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 13.07.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 32213(10/POC-005065)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 2 máis

Sobre a opinión da Consellería do Mar en relación coa necesidade de frear e cuestionar os proxectos de megaminaría diante da contaminación e afectación ambiental que están a producir, así como as actuacións previstas para defender os intereses do sector galego da pesca e marisqueo diante da explotación dunha mina nos concellos de Touro e do Pino

Publicación da iniciativa, 323, 20.06.2018



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga, Julia Torregrosa Sañudo e Paula Quinteiro Araujo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 8ª**, sobre a posición e medidas da Consellería do Mar ante a ameaza para o sector de explotacións mineiras coma a de Touro/O Pino.

A existencia de antigas explotacións mineiras, con deficientes traballos de mantemento a pesar da obrigatoriedade dos mesmos, arróxanos un panorama extraordinariamente preocupante, polas repercusións negativas que ten no medio ambiente e o modo en que isto afecta a sectores produtivos primarios tan importantes como o da pesca e o marisqueo, xa gravemente ameazados pola lentitude dos labores de saneamento integral das Rías, polo cambio climático e mesmo por recente vaga de lumes sufrida fai menos dun ano.

A falta de respecto ao cumprimento das normas ambientais, ou o ineficaz de moitas delas como demostran os índices de contaminación rexistrados nas zonas de influencia destas explotacións mineiras como xa demostrou o recente informe da asociación ecoloxista ADEGA, fan que cobre moito sentido a preocupación e a mobilización social que se está vivindo nestes días ante proxectos como o da mina de Touro-O Pino, que supón unha ameaza real aos ecosistemas lindeiros, entre os que destacamos neste caso concreto o da ría de Arousa, unha zona de extraordinario valor desde o punto de vista da xeración de emprego e da achega ao produto interior bruto de Galicia desde o punto de vista da pesca e o marisqueo.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 13:07
Nº Rexistro: 32213
Data envío: 11/06/2018 13:07:20.265



Merece a pena destacar, que o ano pasado, as achegas ao produto interior bruto de Galicia foron en 2017 dun **1,05% do PIB** galego por parte do sector **mineiro**, fronte ao **10% do PIB** galego da pesca e marisqueo ou ao **3% do PIB** galego da industria transformadora de produtos da pesca e marisqueo.

Polo exposto, formulamos as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

- 1) Cre a Consellería do Mar, que estes proxectos de mega mineiría deben ser freados e cuestionados ante a demostrada contaminación e afectación ambiental que están a producir?
- 2) Como pensa defender a Consellería do Mar os intereses dun sector que achega directamente máis do 10% do PIB de Galicia ante unhas explotacións mineiras que non chegarán nin a un 0,5% do PIB?

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga
Julia Torregrosa Sañudo
Paula Quinteiro Araujo
Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 11/06/2018 13:06:30

Julia Torregrosa Sañudo na data 11/06/2018 13:06:34



Paula Quinteiro Araújo na data 11/06/2018 13:06:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 13:07
Nº Rexistro: 32213
Data envío: 11/06/2018 13:07:20.265



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 13.07.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 13.07.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 21533(10/PNC-001764)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a elaboración e remisión polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia dun plan de actuacións e medidas concretas destinadas a afrontar as dificultades que presenta o sector pesqueiro para propiciar o seu relevo xeracional

Publicación da iniciativa, 229, 19.12.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

O número de afiliados ao Réxime especial de traballadores do mar a finais de 2009 eran 24.630 dos cales, 6.533 eran mulleres. A finais do 2016, os datos indicaban 21.035 (15 % menos) o número de afiliados, e incluían 5.088 mulleres (22 % menos).

O número de afiliados ao Réxime especial de traballadores do mar a finais de 2009 eran 24.630 dos cales, 6.533 eran mulleres. A finais do 2016, os datos indicaban 21.035 (15 % menos), e incluían 5.088 mulleres (22 % menos).

As causas son varias: a escaseza de profesionais cualificados, a ausencia de relevo xeracional, a perigosidade mar adentro, a falla de cotas pesqueiras suficientes, o incremento dos gastos da actividade, todas elas son as razóns que xustifican esta realidade.

Nos orzamentos de 2018, a piques de seren aprobados, podemos ver como partidas que puideran ser claves para revertir esta situación descendén. Estas teñen como destino axudas para pescadores mozos, formación para menores de 30 anos, eficiencia enerxética ou investimentos para a modernización de motores.

Costa entender as asignacións orzamentarias, e máis se temos en conta que o Plan estratéxico galego 2015-2020, empeza e remata coa mesma frase: “Unir con criterio o presente e o futuro” á que non lle atopamos conexión, dado que a realidade amosa un futuro incerto para este sector, ao indicarnos que 4.400 embarcacións galegas quedarán sen relevo nos vindeiros anos senón se adoptan medidas ao respecto.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a elaborar un plan, que será remitido o Parlamento nun prazo máximo de 6 meses, no que se establezan accións e medidas concretas que permitan afrontar as dificultades que presenta o sector pesqueiro para propiciar o seu relevo xeracional.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/12/2017 17:12
Nº Rexistro: 21533
Data envío: 14/12/2017 17:12:02.176



 [Grupo Parlamentario](#)

Pazo do Parlamento, 13 de decembro de 2017

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 14/12/2017 17:05:05

Julio Torrado Quintela na data 14/12/2017 17:05:21

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/12/2017 17:05:30

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 13.07.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 22248(10/PNC-001807)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para garantir a igualdade nas prestacións entre o persoal que desenvolve as súas funcións no Servizo de Gardacostas, tanto estatutario coma externalizado

Publicación da iniciativa, 241, 17.01.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2018 10:20
Nº Rexistro: 22248
Data envío: 05/01/2018 10:20:47.218

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa a instar a Xunta de Galiza a dirixirse ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social para que modifique a actual normativa en vigor que determinan a redución da idade mínima de xubilación e coeficientes redutores da Mariña Mercante incluíndo ás embarcacións e buques de inspección, busca, salvamento e loita contra a contaminación adscritas ao servizo das administracións públicas cun coeficiente redutor do 0,35.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo de Gardacostas de Galiza foi creado a través da Lei 2/2004, para substituír ao anterior Servizo de Protección de Recursos que viña funcionando dende o ano 1990 e ten por finalidade a inspección, vixilancia e control das actividades reguladas pola Lei 11/2008, de 3 de decembro de pesca de Galiza, e o mesmo é o responsable de levar a cabo as actuacións necesarias para asegurar a protección dos recursos mariños, así como o apoio a flota galega mediante a realización de labores de busca, salvamento marítimo ou a prevención e a loita contra a contaminación do medio mariño.

Para desenvolver estas labores por mar conta con persoal especializado que desenvolven as súas funcións a bordo de 19 embarcacións rexistradas na 8ª Lista, distribuídas polas diferentes bases existentes ao longo de todo o litoral de Galiza e coas embarcacións: remolcador “Sebastián de Ocampo”; o buque de salvamento e apoio “Irmáns García Nodal”; o buque pesqueiro multipropósito “Valentín Paz Andrade”; e a patrulleira “Paio Gómez Chariño”, que foron privatizadas, externalizando as súas tripulacións, pasando o persoal do Servizo de Gardacostas a embarcar nelas para dirixir as actuacións de inspección, rastrexo de artes caladas ilegalmente, labores de busca, salvamento, loita contra a contaminación, emerxencias, etc.

As peculiaridades deste persoal son tales que o propio Ministerio de Fomento publicou a Orde FOM/3422/2011, de 4 de novembro, pola que se regula o despacho e enrole das embarcacións adscritas ao Servizo de Inspección e Vixilancia Pesqueira de Galiza (hoxe Gardacostas de Galiza), aclarando que as unidades pertencentes ao Servizo estarán rexistradas na lista oitava do Real Decreto 1028/1989, de 28 de xullo, sobre abandeiramento, matriculación de buques e rexistro marítimo, dado que a actividade que realizan non ten por obxecto unha finalidade mercantil, en tanto que as súas tripulacións están formadas por profesionais do mar que teñen os debidos nomeamentos e poden desenvolver as súas funcións como persoal estatutario ao servizo da administración autonómica ou como laboral pertencente a empresas que prestan ditos servizos para a Xunta de Galiza.

Tendo en conta as misións encomendadas e a peculiaridade do medio en que teñen que desenvolverse, a operatividade das unidades esíxese que se dispoña dunha normativa específica, respecto do despacho das embarcacións, o enrole das tripulacións e outras circunstancias que posibiliten que as embarcacións do citado

Servizo poidan estar operativas en todo momento, ao efecto de facilitar a súa labor en cumprimento das misións encomendadas.

Normativa esta, que o propio Ministerio fai extensible as embarcacións adscritas a Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima (SASEMAR), a Cruz Vermella, así como outras dependentes doutras comunidades autónomas.

A maiores, dado o traballo a desenvolver, este persoal está sometido a unha serie de peculiaridades, as cales veñen recollidas no Decreto 157/2005, do 26 de maio, sobre ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galiza que especifica que o seu réxime de traballo é de dispoñibilidade, realizando o traballo en quendas e con turnicidade, perigosidade, e celeridade nas súas actuacións. O que supón que este persoal traballa en turnos de oito horas, todo o ano; en quendas de mañá, tarde, noite; e en días normais e feirais ininterrompidamente.

Este persoal estatutario esta adscrito ao Réxime Xeral da Seguridade Social, a pesares de cumprir todos os requisitos do persoal embarcado: titulacións e certificados en vigor, figurar na lista de tripulantes, ter a libreta de navegación ao día, pasar o recoñecemento médico, etc. Na actualidade nin están inscrito no ISM, nin se lle recoñece ningunha protección.

Pola contra as tripulacións das embarcacións privatizadas do Servizo de Gardacostas: remolcador “Sebastián de Ocampo”, buque de salvamento e apoio “Irmáns García Nodal”, buque pesqueiro multipropósito “Valentín Paz Andrade”, e patrulleira “Paio Gómez Chariño, coas mesmas titulacións, certificados, etc. desenvolven as mesmas funcións a bordo, salvo ás competencias propias de axentes de autoridade dos membros deste Servizo, aplicándoselle uns coeficientes redutores

do 0,35 por ser tripulantes de buques de salvamento e loita contra a contaminación contratados por unha empresa privada.

Outro tanto acontece co persoal que desenvolve funcións de inspección pesqueira a bordo de embarcacións noutras comunidades autónomas, pero que en vez de ser persoal estatutario manteñen unha relación laboral coas administracións respectivas. A este persoal a Circular nº 4/2017 do Instituto Social da Mariña, de aplicación dos coeficientes redutores da idade de xubilación no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar os inclúe, na terceira instrución, relativa a cuantía dos coeficientes redutores, no epígrafe 3.2 pesca (ao noso entender erroneamente xa que tiñan que estar no epígrafe 3.1 Mariña Mercante). Persoal laboral das Inspeccións pesqueiras das Comunidades autónomas, establecendo que son asimilables aos tripulantes de embarcacións de ata 10 TRB sempre que se encontren encadrados no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar, recoñécéselle un coeficiente do 0,15.

Esta situación de discriminación xa foi demandada polo Partido Popular, o 6 de maio de 2016, presentando unha proposición non de lei que reclamaba un trato xusto, instando a Xunta de Galiza a dirixirse ao Goberno do estado para que impulse as xestións e reformas normativas que se estimen precisas dirixidas a incluír o cadro de persoal dos Gardacostas de Galiza no Réxime Especial dos Traballadores do Mar, e en todo caso, garantir que poidan beneficiarse da aplicación dos correspondentes coeficientes redutores de cara a súa xubilación.

Medidas que non se adoptaron na última interpretación que tivo lugar coa publicación da Circular nº 4/2017 de aplicación dos coeficientes redutores da idade de xubilación no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar.

O que está levando ao persoal de Gardacostas de Galiza a reclamar os seus dereitos diante dos tribunais, os cales xa teñen emitido sentenza favorable incluíndo o período traballado de conformidade co Real Decreto 1311/2007, de 5 de outubro, e disposicións concordantes, e elo aínda que se teña cotizado no RXSS, circunstancia que considera o xuíz, que non é obstáculo para estimar a aplicación do COE.

Entendendo que de acordo ao Real Decreto 1311/2007, de 5 de outubro, polo que se establecen novos criterios para determinar a pensión de xubilación no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar, de acordo ao tipo de embarcación, e cuxo Capítulo I regula as actividades que determinan a redución da idade mínima de xubilación e coeficientes a aplicar nelas”, que o persoal estatutario que desenvolve labores de inspección, salvamento e loita contra a contaminación a bordo de embarcacións da Administración debería estar encadrados no Artigo 1. a) Mariña Mercante. E no epígrafe da escala de coeficientes redutores no apartado: 2º. Buques de carga, remolcadores de altura, plataformas petrolíferas e gas, buques de investigación oceanográfica e pesqueira, embarcacións e buques de salvamento e loita contra a contaminación: 0,35.

Polo tanto, dado que tanto se é persoal estatutario como externalizado, ambos desenvolven as súas funcións nas embarcacións que pertencen ao Servizo de Gardacostas, con funcións similares como membros da tripulación, pero complementadas para o persoal de Gardacostas coas de axente da autoridade. E dado que o Real Decreto 1311/2007, de 5 de outubro establece como novo criterio o tipo de buque no que o traballador desenvolve o seu servizo entendemos que a igual traballo debe corresponder igual prestacións polo que para non continuar coa actual discriminación, compre aplicar a interpretación correcta na correspondente Circular

do Instituto Social da Mariña as embarcacións da 8ª Lista, e así corrixir a actual discriminación do persoal estatutario embarcado nos buques das administracións.

Co obxectivo de emendar esta discriminación e apoiar esta xusta petición, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ó Goberno galego a impulsar as seguintes medidas:

1.- Dirixirse ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social para que modifique a actual normativa en vigor de xeito que nas actividades que determinan a redución da idade mínima de xubilación e coeficientes redutores da Mariña Mercante, se inclúan as embarcacións e buques de inspección, busca, salvamento e loita contra a contaminación adscritas ao servizo das administracións públicas.

2.- Requirit a aplicación dos coeficientes redutores ó persoal estatutario que desenvolve labores de inspección, salvamento e loita contra a contaminación a bordo de embarcacións da Administración, con carácter retroactivo, de acordo aos criterios da Mariña Mercante establecidos no Real Decreto 1311/2007, de 5 de decembro e da Circular nº 4/2017 de aplicación dos coeficientes redutores da idade de xubilación no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar, incluídos na instrución terceira: cuantía dos coeficientes redutores, apartado 3.1 mariña mercante, punto 2º Buques de carga, remolcadores de altura, plataformas petrolíferas e de gas, buques de investigación oceanográfica e pesqueira de 100 TRB ou máis toneladas de



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2018 10:20
Nº Rexistro: 2248
Data envío: 05/01/2018 10:20:47.218

registro bruto (TRB), embarcacións e buques de salvamento e loita contra a contaminación cun coeficiente redutor do 0,35.

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 05/01/2018 10:19:33

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/01/2018 10:19:40

Olalla Rodil Fernández na data 05/01/2018 10:19:42



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2018 10:20
Nº Rexistro: 22248
Data envío: 05/01/2018 10:20:47.218

Noa Presas Bergantiños na data 05/01/2018 10:19:45

Xosé Luis Bará Torres na data 05/01/2018 10:19:47

Ana Pontón Mondelo na data 05/01/2018 10:19:55

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 13.07.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 29452(10/PNC-002343)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Salorio Porral, María Soraya e 6 máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia dos cambios normativos necesarios para adaptar a limitación de potencia dos motores das embarcacións de recursos específicos ás necesidades da frota

Publicación da iniciativa, 296, 25.04.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2018 17:23
Nº Rexistro: 29452
Data envío: 16/04/2018 17:23:03.078

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Soraya Salorio Porral, Carlos E. López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

Sen dúbida, foi este Goberno quen máis traballou pola regularización de embarcacións conseguindo que se flexibilizase este proceso incluso para aqueles buques que non optaron por se legalizar nun primeiro momento.

Este Goberno acadou ademais, que o proceso permanecese aberto para que as embarcacións puidesen aportar toneladas e potencia en calquera momento. E, ao mesmo tempo, promoveuse que non se deran de baixa de oficio no censo aquelas embarcacións que quedaran sen regularizar.

Por outra banda, é certo que se produciron certas sancións a varias embarcacións alegando exceso de cabalaxe nos seus motores, e tamén é certo que a Consellería do Mar mediou ante a Secretaría General de Pesca e coa Dirección General de Marina Mercante para intentar habilitar unha lista específica que contemplase as embarcacións que faenan a marisqueo e/ou a recursos específicos, co obxectivo de buscar unha posible solución para estes barcos que contan cunha estrita limitación de potencia.

Somos coñecedores de que o titulares de embarcacións destinadas á extracción de recursos específicos solicitan un aumento da potencia dos seus motores por unha cuestión de seguridade no traballo, pois resulta máis doado escapar das ondas en caso de mal tempo cando o motor posúe maior potencia.

Podemos concluír que estamos ante unha reivindicación xusta que busca garantir o traballo destes mariscadores nunhas condicións de maior certeza e fiabilidade.

Por tanto, o Grupo Parlamentario Popular, considera oportuno formular a seguinte proposición non de lei en Comisión:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2018 17:23
Nº Rexistro: 29452
Data envío: 16/04/2018 17:23:03.078

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a promover os cambios normativos necesarios para adecuar ás necesidades da frota a limitación de potencia dos motores das embarcacións de recursos específicos.”

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/04/2018 17:19:49

María Soraya Salorio Porral na data 16/04/2018 17:20:01

Carlos Enrique López Crespo na data 16/04/2018 17:20:09

Teresa Egerique Mosquera na data 16/04/2018 17:20:17

María Ángeles García Míguez na data 16/04/2018 17:20:26

Alberto Pazos Couñago na data 16/04/2018 17:20:34

Marta Rodriguez Arias na data 16/04/2018 17:20:48

Daniel Vega Pérez na data 16/04/2018 17:20:56

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 13.07.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 30710(10/PNC-002468)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa defensa dos dereitos dos mariñeiros galegos que traballaron en buques de Noruega a percibir dese estado as súas pensións de xubilación

Publicación da iniciativa, 305, 16.05.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 30710
Data envío: 08/05/2018 19:32:53.014

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa a demandar do Estado español que leve a cabo medidas legais contra Noruega para defender os dereitos dos mariñeiros galegos embarcados en buques deste país aos que se lles está a negar as súas pensións de xubilación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como se sabe, Noruega non recoñece pensións de xubilación aos nosos traballadores do mar embarcados nos seus buques até o ano 1994, máis de 12.000, segundo a asociación Long Hope, por carecer da condición de residentes mentres traballaban alí, pagando os seus impostos. A súa actual desprotección agrávase polo feito de que o Estado español non computou o tempo de embarque nestes buques para o cálculo aquí de prestacións de seguridade social. Un grave problema de desamparo legal recoñecido pola Comisión Europea, que se desentendeu do asunto proponendo un convenio bilateral de seguridade social entre España e Noruega, mais sempre considerando que esta desprotección por falla de residencia era legal antes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo. Dende logo, a resposta sería distinta de terse analizado a residencia como requisito de afiliación ao sistema noruego de seguridade social desde o Convenio Europeo de Dereitos Humanos, que permite cualificar como condición excluínente e discriminatoria esixir a residencia para tal inclusión, tamén antes



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 30710

Data envío: 08/05/2018 19:32:53.014

de 1994, ao vulnerar dereitos fundamentais universalmente recoñecidos, xa que, reparando na xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, hai diferenza de trato discriminatorio por razón de nacionalidade, ao non esixirse a residencia, polo contrario, os nacionais noruegos empregados nos mesmos barcos, sen que exista xustificación obxectiva e razoábel para iso.

Hai unha desigualdade de trato en materia de seguridade social que supón unha vulneración do artigo 14 do Convenio Europeo de Dereitos humanos „relativo á “prohibición de discriminación”, en relación co establecido no artigo 1, sobre “protección da propiedade”, do protocolo 1 do citado Convenio. O remedio xurídico a esta diferenza de trato discriminatoria por razón de nacionalidade na esixencia do requisito da residencia sen xustificación obxectiva e razoábel, pódono atopar os nosos mariñeiros emigrantes no propio Convenio Europeo de Dereitos Humanos. O Convenio contempla un sistema específico de protección do conxunto de dereitos e liberdades fundamentais que figura no seu contido, que está centrado na figura do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos e cuxa actividade de control actívase a partir sempre da interposición de demandas interestatais, artigo 33, e de demandas individuais, artigo 34.

Dacordo co artigo 33 do Convenio “Asuntos Interestatais” o procedemento pode iniciarse por demanda interposta por un estado parte do Convenio contra outro estado que tamén o sexa, que é polo que recibe tamén a denominación de “demanda interestatal”. A xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos rexistra a presenza deste tipo de demandas, razón pola que no caso dos nosos mariñeiros emigrantes embarcados en buques noruegos, cabe a posibilidade legal de que sexa o Estado español quen poida denunciar a Noruega por vulneración dos dereitos fundamentais de aqueles traballadores discriminados por razón da súa nacionalidade.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 30710

Data envío: 08/05/2018 19:32:53.014

Segundo o artigo 34 do Convenio, o procedemento pode iniciarse por demanda interposta por particulares, de modo que, sempre no noso caso, deberían selos propios traballadores do mar en barcos noruegos os que tivesen que preitear, mais sobor da base de que as súas demandas contra Noruega deberían cumprir a “condicións de admisibilidade” do artigo 35 do Convenio, o que supón esgotar todas as vías xudiciais internas do Estado parte demandado para darlle “a posibilidade de reparar por si mesmo e en primeiro lugar, a nivel nacional, a violación alegada”, isto é, antes de demandar a Noguea ante o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, tense que reclamar nos tribunais de dito estado até a última instancia.

A pesares de o Parlamento Galego ter solicitado en varias ocasións, a través de acordos aprobados por unanimidade de todas as forzas políticas con representación no mesmo, ao Goberno español, aínda non quixo interpoñer unha “demanda interestatal”. Por esta razón, os propios afectados escomezaron o procedemento presentando unha demanda individual. Víronse forzados a empregar este remedio procesual, que, en comparación coa vía das demandas interestatais, é máis dilatado no tempo, as persoas implicadas resultan ser de moi avanzada idade en moitos casos, e tamén máis custoso economicamente para as persoas e familias implicadas, co que se agrava a súa delicada situación económica, non hai que esquecer que moitas delas están en situacións de necesidade realmente clamorosas por causa do desamparo no que viven. Por iso se ten aproveitado habilmente o Reino de Noruega.

Na súa estratexia xudicial, o Reino de Noruega, situou aos nosos mariñeiros emigrantes nun labirinto xudicial realmente custoso, a día de hoxe as persoas afectadas tiveron gastos xudiciais por valor de 70.000 euros e sen aparente saída, sempre co fin de lograr que pase o tempo, vaian finando as persoas afectadas, e evitar en definitiva, ser xulgado polo Tribunal Europeo de Dereitos Humanos. Así o confirman os feitos. Primeiro, a sentenza do Tribunal de Primeira Instancia de Oslo de 28 de abril de 2017



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 30710

Data envío: 08/05/2018 19:32:53.014

que falla declarando que non hai vulneración de dereitos fundamentais por falta de protección social en Noruega; despois a sentenza da Corte suprema de Noruega de 17 de xullo de 2017 que responde negativamente á solicitude de Long Hope de levar o caso directamente á propia Corte Suprema; e por último, a sentenza da Corte de Apelacións e Noruega, anulando a citada sentenza do Tribunal de Primeira Instancia de Oslo de 28 de abril de 2017, obrigando a iniciar todo de novo. Con isto, a situación de desprotección dos nosos emigrantes empeza a ser propia dunha agonía, tendo en conta que a súa avanzada idade e o seu delicado estado de saúde non permiten moitas demoras na resolucións do problema, mais tamén tendo en conta o que xa tiveron que pagar pola súa defensa legal tendo en conta que son persoas sen moitos recursos económicos.

En definitiva, agora é o momento de que o Estado español se comprometa, emprenda medidas legais contra o Reino de Noruega ao amparo do Convenio Europeo de Dereitos Humanos e do Regulamento do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, precisamente para evitar que os mariñeiros emigrantes afectados queden sós na súa xusta demanda e para evitar tamén que o litixio no Tribunal Europeo de Dereitos Humanos careza de sentido por morte das persoas afectadas. Pode facelo promovendo unha demanda interestatal, dado que, das dúas opcións xudiciais que en concepto de demanda ofrece o Convenio, aquí o máis vantaxoso desde todos os puntos de vista segue sendo o da demanda interestatal, ao ser máis rápido e corto no tempo. Ademais de resultar totalmente asequíbel desde o punto de vista económico por resultar menos custoso. Mais tamén pode facelo adoptando outras medidas legais tamén previstas en aplicación do Convenio europeo de Dereitos Humanos e do Regulamento do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, tais como a intervención do Estado español como terceira parte en Demanda Individual. Nestes momentos, os mariñeiros de Long Hope xa están litigando contra o Reino de Noruega nos seus tribunais coa finalidade de esgotar a vía interna antes de acudir ao Tribunal Europeo de Dereitos Humanos. Non



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 30710

Data envío: 08/05/2018 19:32:53.014

hai que esquecer que a estratexia procesual de Noruega consiste en dilatar o tempo con todo tipo de argucias procesuais que eviten que el asunto chegue al Tribunal Europeo de Dereitos Humanos.

Isto aconsella que sexan as propias persoas afectadas as que decidan, en función das súas necesidades e intereses, as vías legais de actuación do Estado español e o momento máis oportuno para facelo, tendo conta que do que se trata é garantir no só a vulneración dos seus dereitos de protección social chegue en tempo e forma ao Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, senón tamén que este tribunal resolva en favor dos nosos traballadores do mar emigrantes en buques noruegos.

Esta iniciativa ten por obxecto esixir a obriga que teñen os poderes públicos en relación coa protección das persoas emigrantes, recollido na propia Constitución española de 1978, no seu artigo 42 “ O Estado velará especialmente pola salvagarda dos dereitos económicos e sociais dos traballadores españois no estranxeiro”.

Por estas razóns, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno español en demanda de:

-Que adopte as medidas legais que corresponda ao amparo do Convenio Europeo de Dereitos Humanos e do Regulamento do Tribunal Europeo de Dereitos contra o Reino de Noruega, (“Demanda Interestatal” e/ou intervención como terceira parte en “Demanda Individual”), que está incumprindo o Convenio Europeo de Dereitos Humanos, ao vulnerar a prohibición de discriminación por razón de nacionalidade por



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 30710

Data envío: 08/05/2018 19:32:53.014

ter esixido a residencia para a inclusión no sistema noruego de seguridade social aos mariñeiros galegos embarcados en buques deste país, requisito que, polo contrario, non se esixía aos nacionais noruegos empregados nos mesmos barcos, sen xustificación obxectiva e razoábel para isto.

-Que tanto se adopta a a medida da interposición dunha “Demanda Interestatal” como da e/ou intervención como terceira parte en “Demanda Individual”, o faga en función dos intereses e das necesidades que manifesten os traballadores do mar da asociación Long Hope, que xa están litigando na actualidade contra o Reino de Noruega deste Estado membro do Consello de Europa para esgotar a vía interna antes de acudir ao Tribunal Europeo de Dereitos Humanos.

-Que inicie ao mesmo tempo unha negociación real, inmediata e directa co Reino de Noruega para alcanzar un acordo que permita por fin satisfactoriamente á situación de desprotección social na que se atopan os mariñeiros emigrantes en buques de Noruega.”

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 30710
Data envío: 08/05/2018 19:32:53.014

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/05/2018 19:31:53

Ana Pontón Mondelo na data 08/05/2018 19:31:57

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/05/2018 19:31:59

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2018 19:32:00

Noa Presas Bergantiños na data 08/05/2018 19:32:02

Xosé Luis Bará Torres na data 08/05/2018 19:32:03

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 13.07.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.5 32315(10/PNC-002633)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores

Sobre a apertura polo Goberno Galego, a través de Portos de Galicia, dun período de negociación co Concello do Grove para a desafección e pase á titularidade municipal dos terreos portuarios que non se están a utilizar para a actividade relacionada directamente co porto

Publicación da iniciativa, 323, 20.06.2018



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **María Dolores Toja Suárez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

A relación natural entre o porto e os espazos urbanos ten en Galicia unhas características particulares. Como é habitual en case todas as vilas e pobos mariñeiros, a vida portuaria foi sempre ligada ao desenvolvemento da propia poboación, e a vinculación urbanística entre ambos espazos estivo sempre ligada. A estruturación administrativa causou unha dicotomía que, na maior parte dos pobos e vilas costeiras con entidade portuaria, provoca a confluencia de intereses de entidades administrativas distintas como son o porto e os concellos.

Un dos puntos máis representativos desta situación é a vila de O Grove, onde a vinculación dos seus habitantes coa actividade mariñeira é moi relevante tanto en número como cualitativamente, non solo pola actividade propia dos traballadores e traballadoras do mar senón polo aproveitamento da ría e o mar como polo de atracción turística a un concello no que este sector redonda de maneira especial, sendo un dos focos máis relevantes de Galicia neste aspecto. De xeito especial esta relación está condicionada no plano urbanístico polo amplo espazo sobre o que o porto ten responsabilidade administrativa, por ser da súa titularidade, froito do crecemento sobre o mar que as actividades portuarias foron desenvolvendo. O espazo de titularidade de Portos de Galicia, entidade responsable do porto de O Grove, conflúe urbanisticamente co centro da vila, dándose a circunstancia de que as actividades propias relacionadas directamente co porto están achegadas ao mar (lonxa, instalacións portuarias, infraestruturas de uso para mariñeiros...) quedando un espazo amplo que, sendo titular a entidade portuaria, son de uso cotiá cidadán sen actividade relacionada directamente co mar. Exemplo paradóxico dáse co feito de que o



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

edificio do Concello de O Grove se sitúa en terreo portuario, sendo motivo de obrigado pago de aluguer polo seu propio uso.

A continuidade e paso do tempo estabilizou unha situación que debера ter sido resolta, pois se realiza actividade urbana e cidadá en espazos que son titularidade doutra administración (Portos de Galicia) pero que non teñen utilización para tal fin, consolidando unha situación dual no que corresponde a fixación e cobro de taxas, responsabilidade da dotación de servizos, mantemento do estado das rúas, etc. Esta dicotomía está a prexudicar aos veciños e veciñas de O Grove, que comprobamos como existe un certo abandono por parte de Portos de Galicia dos terreos que son da súa titularidade, impedindo pola súa parte unha correcta utilización por parte do Concello que, velando polas necesidades reais da vila, asume xestión e custes que non lle deberían ser propios. A negativa de Portos de Galicia a contribuír e manter os terreos que lle son propios, pero á vez dificultar as posibilidades do propio Concello, constitúen un bloqueo “de facto” nas potencialidades que un Concello como O Grove ten.

A Lei de portos de Galicia, no seu artigo 52 e seguintes e tamén noutros puntos da lei, considera a posibilidade de definir a delimitación, usos e posibles modificacións nos terreos portuarios. Existen, ademais, exemplos con terreos portuarios de titularidade de Puertos del Estado, que se teñen modificado espazos e usos en favor de distintos concellos.

A posibilidade de desafectar terreos que, sendo hoxe de titularidade municipal, están claramente integrados na dinámica veciñal urbana, suporía unha mellora para todas as entidades e, naturalmente, redundaría na mellora da calidade de vida dos veciños e veciñas de O Grove.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que a través de Portos de Galicia abra un período de negociación co Concello de O Grove, para traballar na desafeción dos terreos portuarios non utilizados hoxe



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2018 13:37
Nº Rexistro: 32315
Data envío: 12/06/2018 13:37:06.893



 Grupo Parlamentario

para actividade relacionada directamente co porto, e que poidan pasar a titularidade municipal.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 11 de xuño de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
María Dolores Toja Suárez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/06/2018 13:34:39

María Dolores Toja Suárez na data 12/06/2018 13:34:47

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/06/2018 13:34:54